



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito penal de empresa

Materia	Dereito penal de empresa			
Código	V03G020V01928			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Lago Calvo, Francisco José			
Profesorado	Lago Calvo, Francisco José			
Correo-e	flago@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Os contidos da materia constitúen unha exposición sistemática sobre os delitos e a responsabilidade xurídico-penal en que poden incurrir quen realizan actividades que son consideradas ilícitas e que están relacionadas coa empresa e o ámbito laboral. O obxectivo a conseguir na impartición da materia "Dereito penal de empresa" consiste, fundamentalmente, en axudar a identificar os conceptos teóricos básicos para que os/as estudantes poidan identificar, interpretar e razoar sobre os diferentes supostos delictuosos que se producen naquel ámbito, con vistas á capacitación para a toma de decisións no eido empresarial. Dominar as nocións esenciais do Dereito penal de empresa e as súas técnicas de interpretación resulta de especial utilidade para aqueles estudantes que orienten a súa actividade profesional á administración, organización e dirección de empresas, así como ao asesoramento empresarial e laboral.

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B4	Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
B10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial
C15	Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
D2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas

D3 Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

D4 Compromiso ético no traballo

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e poder transmitir no entorno de traballo a responsabilidade xurídico penal en que poden incurrir quenes realizan actividades que son consideradas ilícitas no marco de actividades financeiras, societarias e laborales	A1	B4	C5	D2
	A2	B5	C7	D3
	A3	B8	C15	D4
	A4			
	A5			
Demostrar dominio dos conceptos xuridicos penais mais relevantes que resulten necesarios para adoitar decisións de comportamento no eido da empresa e reducir riscos derivados do descoñecemento das consecuencias penais e administrativas ou sociais derivadas do incumprimento da legalidade penal.	A1	B1	C5	D3
	A2	B2	C15	D4
	A3	B4		
	A4	B5		
	A5	B10		
		B14		
Resolver casos ou situacións complexas respetando a legalidade e sendo capaz de emitir informes ou asesoramentos con calidade e de foma obxetiva e independente	A1	B1		D3
	A2	B2		D4
	A3	B4		
	A4	B5		
	A5	B10		
		B14		

Contidos

Tema	
LECCIÓN I. Dereito Penal de empresa: Concepto e contido.	I.Introdución ao Dereito Penal de Empresa: concepto e contido. II. Dereito penal de empresa e Dereito administrativo sancionador.III O sistema de sancións.IV: O comiso das ganancias: clases
LECCIÓN II. Responsabilidade penal de administradores sociais.	Responsabilidade penal de administradores sociais. Consideracións xerais. Actuar en nome doutro (art. 31.1 CP). Administrador de dereito. Administrador de dereito. Representación legal e voluntaria doutro. Responsabilidade penal por decisións de órganos colegiados. Delegacións de función. Posición de garante dos administradores (art. 11 CP). Especial referencia a responsabilidade dos Auditores.Consecuencias xuridicas. Responsabilidade civil e inhabilitaciones
Lección III. A responsabilidade penal das persoas xurídicas	I. A responsabilidade penal das persoas xurídicas: Consideracións previas. Criterios de atribución do art. 31 bis CP. Atenuantes da responsabilidade penal. As penas aplicables ás persoas xurídicas e regras penoloxicas de determinación (art. 66 bis CP). Extinción da responsabilidade penal (art. 130. 2 CP). Delitos imputables ás persoas xurídicas. II. A responsabilidade penal de entes colectivos sen personalidade xurídica: art. 129 CP. 2. III. Especial referencia aos programas de Cumprimento e ao Oficial de cumprimento
LECCIÓN IV. Delitos societarios	I. Cuestións xerais: Concepto penal de sociedade. II. Requisitos de procedibilidade. III. Delito de falsidade en contas anuais e outros documentos que reflectan a situación económica da empresa. IV. Delito de imposición de acordos abusivos. V.Delito de imposición de acordos lesivos. VI. Delito de negación do exercicio de certos dereitos dos socios. VII. Obstaculización a tarefas de inspección ou supervisión administrativa.VIII. Delito de administración desleal do patrimonio alleo 8art. 252 CP): Diferenzas co delito de apropiación indebida.
LECCIÓN V. Delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social	I. Delito de defraudación tributaria. II. Delito de defraudación á Seguridade Social. III. Delito de fraude de subvencións. IV. Delitos de fraudes comunitarios. V. O delito contable tributario.
LECCIÓN VI. Branqueo de capitais	I. Ley 10/2010, de 28 de abril, de prevención de blanqueo de capitales e infraccións monetarias: Obligacións e suxectos obrigados. II. Condutas delituosas de blanqueo de capitais no Codigo penal español. III. Cuestións concursais: fraude fiscal e conductas de autobranqueo. IV. O principio de Xustiza Universal.

LECCIÓN VII. Delitos relativos á propiedade intelectual e industrial	I. Delitos relativos á propiedade intelectual. II. Delitos relativos á propiedade industrial. Delitos referentes a invencións e creacións industriais. Delitos referentes a signos distintivos. O delito relativo a obtencións vexetais. III. Delito de utilización indebida de denominacións de orixe ou de indicacións xeográficas.
LECCIÓN VII. Delitos relativos ao mercado e aos consumidores	I. Descubrimento e revelación de segredos de empresa. II. Detracción do mercado de materias primas ou produto de primeira necesidade. III. Publicidade falsa. IV. Facturación ilícita. V. Delito de estafa de investimentos de capital e estafa de crédito. VI. Maquinacións para alterar o prezo das cousas resultante da libre competencia. VII. Abuso de información privilexiada no mercado de valores. VIII. Alteración de prezos en concursos e poxas públicas.
LECCIÓN VIII. Delito de corrupción en los negocios	I. Delito de corrupción entre particulares II. Delito de corrupción nos negocios trasnacionais
LECCIÓN IX. Delitos contra os dereitos dos traballadores.	I. Imposición ou mantemento de condicións ilegais de traballo. II. Tráfico ilegal de man de obra e contratación ilegal de extranxeiros. III. Determinación ou favorecemento da empigracion mediante engano. IV. Discriminación laboral. V. Impedimento ou limitación da liberdade sindical e o dereito de folga. VI. Coaccións á folga. VII. Delitos contra a seguridade e hixiene no traballo.
LECCIÓN X. Delitos de contrabando	I. LO 12/1995, de 12 de diciembre de represión de contrabando, modificada por la LO 6/2011 de 30 de junio. II. Tipos legais. Contrabando de bens por valor igual ou superior a 150.000 euros. Contrabando de bens por valor igual o superior a 50.000 euros. Tipos específicos III. Outras Disposicións
LECCIÓN XI. Protección penal do crédito	I. Consideracións xerais: concepto de insolvencia. II. Frustración da execución; II. Formas especiais da frustración da execución: Delito de ocultación de bens nun procedemento executivo xudicial ou administrativo; Delito de uso non consentido de bens en depósito embargados pola Autoridade; IV. Insolvencias punibles: Das actuacións indebidas do deudor ou do delito de bancarrota. V. A Inolvenca punible imprudente. VI Delito de favorecemento de acreedores; VII.Presentacin de datos falsos para obter indebidamente a declaración de concurso
LECCIÓN XII. Delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente.	I. Delito ecolóxico. II. Delito de establecemento de depósitos ou vertederos. III. Explotación de instalacións perigosas. IV. Delitos relacionados coa xestión de residuos. V Prevaricación ambiental.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	22.5	45	67.5
Titoría en grupo	10	2	12
Lección maxistral	22.5	45	67.5
Probas de tipo test	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Plantexamento, debate e exposición en aula de conclusións alcanzadas en exercicios prácticos. A resolución de exercicios prácticos é complemento da lección maxistral. Os/as estudantes, durante as sesións presenciais intervirán oralmente, expoñendo a súa solución ou puntos de vista aos casos prácticos propostos, debatendo, no seu caso, coa profesora e os seus compañeiros/as. As discusións deben proporcionar ao estudante unha oportunidade para practicar a expresión oral e de recibir críticas constructivas. Valoraranse positivamente as intervencións dos/as estudantes na discusión exposta, tendo en conta os coñecementos e habilidades demostradas.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Lección maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir información e coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Na sesión maxistral, a docente introducirá aos estudantes nos aspectos básicos de cada tema ou lección. Como soporte ás explicacións, o docente proporcionará materiais (presentación power-point, sentenzas, extractos de obras doutriniais...) e, eventualmente, un esquema-guía cos puntos chave do desenvolvemento da súa explicación. Os materiais proporcionaranse a través da plataforma docente Faitic. En todo caso, a explicación do/a docente deberá ser complementada polo/a estudante tanto cos materiais que le foron proporcionados ao efecto, como pola consulta dalgún dos manuais que figuran na bibliografía recomendada.
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Tratándose dunha materia optativa o seguimento e superación con éxito da materia precisa do interese e compromiso persoal do estudante que debe manifestarse tanto na asistencia as sesións magistrales como na súa preparación previa e no estudo dos materiais docentes que serán entregados ao longo do curso . Valorarase a participación activa na sesión maxistral con preguntas razoadas e argumentadas sobre a materia ou lección obxecto de exposición. A avaliación continuada, esixe, por unha banda unha asistencia de polo menos o 80% das clases e a realización personal polo estudante de un mínimo de 80% das actividades avaliadas (que consisten en un mínimo de 7 tests con preguntas curtas sobre cada lección do programa e un mínimo de 5 casos prácticos con varios supostos de feito reais), que se desenvolverán e serán obxecto de debate e explicación das cuestións máis problemáticas ao longo do curso nas clases practicas . Os casos prácticos obxecto da avaliación continuada realizaranse e entregaranse necesariamente nas datas establecidas no seu momento no cronograma da materia a través da Plataforma Faitic. A metodoloxía e materiais docentes que deberá empregar o estudante para responder ao caso práctico especificarase con cada entrega. O Modelo de examen final consta de dúas partes:Primeira parte: Exame tipo test sobre ás leccións do programa (40 preguntas) con penalización. Segunda parte: Un suposto de feito con 10 preguntas de resposta curta pero razoada . TUTORIAS Además das titorías en grupo que serán planificadas o inicio de curso A atención personalizada están pensadas para: - Atender persoalmente as dúbidas que poidan suscitarse ao fío das sesións maxistras - Resolver cuestións expostas ao fío dos supostos prácticos entregados aos/as estudantes, axudando a identificar argumentos e conclusións principais. - Axudar a atopar e elixir coidadosamente o material que os/as estudantes precisan para realizar os traballos que se lles asignen. As titorías académicas terán lugar no despacho A-310 do edificio da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. As titorías requiren presencialidade: Non se realizan titorías por correo electrónico nin se envían materiais por este medio. Os horarios se publicaran o inicio de curso na plataforma docente FAITIC
------------------	---

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de "Metodoloxía onde o/a estudante enfróntase ante a descrición dunha situación específica que" "suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto polo/a estudante a título" "o individual. O caso práctico consiste nun problema concreto, que lle describe unha situación real da vida profesional referente ao campo particular do Dereito penal de empresa. O/a estudante debe ser capaz de recoñecer os feitos, debe obrigatoriamente aplicar as normas penais ou normativa normativa extrapenal (laboral, civil, tributaria o mercantil) relacionada coa situación do caso plantexado. Debe chegar a unha decisión xurídica razoada, extraendo as súas propias conclusións. A solución deberá ser presentada por escrito e mediante a metodoloxía que se sinalará ao comenzo do curso. Ao longo do curso esixirase a realización de catro casos prácticos relacionados con bloques temáticos das leccións que compoñen o contido da materia. Igualmente, por cada Lección se plantexaran cuestionarios que deben ser respostados na plataforma docente Faitic"	30	A1 B1 C5 A2 B2 C7 A3 B4 C15 A4 B5 A5 B8 B10 B14
Lección maxistral	10	B1 B2 B5 B8 B10
Probas de tipo test	60	B1 C15 D3 B2 D4 B5 B10

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) Primeira convocatoria

1. A cualificación final da materia de Dereito Penal de Empresa determínase a partir da suma das cualificacións obtidas en primeiro termo na avaliación continuada desenvolvida por cada estudante e doutra banda a través da realización dunha proba final escrita teórica.

2. O 40% da cualificación corresponderá á nota obtida na avaliación continua (10% asistencia e participación nas aulas) e 30% nas actividades avaliábeis. E o 60% da cualificación corresponderá á nota obtida na proba global (exame final).

3. A avaliación continuada, esixe, por unha banda unha asistencia de polo menos o 80% das clases e a realización de 80% das actividades avaliábeis (mínimo 7 tests e 2 casos prácticos), que se desenvolverán ao longo do curso. Os casos obxecto da avaliación continuada realizaranse e entregaranse necesariamente nas datas establecidas no seu momento no cronograma da materia. A metodoloxía que deberá empregar o estudante para responder ao caso práctico especificarase con cada entrega.

4. O examen final de contido teórico (modalidade escrita) terá unha cualificación numérica entre 0 e 10, terase que aprobar necesariamente para poder superar a materia, con independencia do valor ponderado que teña na cualificación final da materia.

5. O Modelo de examen final consta de dúas partes:

Primeira parte: Exame tipo test sobre ás leccións do programa (40 preguntas) con penalización. A duración do exame é dunha hora. En dita parte do exame non é posible dispoñer de ningún material. As preguntas do test serán seleccionadas entre as realizadas o longo do curso por cada Lección do programa da guía docente.

Segunda parte: Un suposto de feito con 10 preguntas de resposta curta. Para o desenvolvemento do caso práctico dispónse dunha hora.

6. Será obxecto de exame solo os contidos recollidos nesta guía docente. Cada unha das partes do exame final debe acadar como mínimo unha cualificación numérica de 4 puntos sobre 10 para facer a media entre as dúas partes do examen.

7.. Modalidade avaliación continúa sen presencialidade con causa xustificada: Os/as estudantes que por causa documentalmentexustificada non poidan asistir ás clases serán avaliados conforme os seguintes criterios: entrega de casos 30% e proba final teórica escrita 70%

8. Os alumnos que non se acollan a avaliación continua serán avaliados cun exame final (modalidade descrita no punto 5), que constituirá o 100% da nota final. Será necesario superar cada unha das dúas partes con un mínimo de catro puntos sobre 10 para facer a media.

B)Segunda convocatoria:

1. Os estudantes que realicen a avaliación continuada (presencialidade e resolución de casos prácticos) poderán presentarse ao exame teórico final en caso de suspender na primeira convocatoria. Se conservará a cualificación da avaliación continuada das actividades realizadas ao longo do curso sempre que realicen o 80% das actividades e a cualificación media do conxunto sexa de acordo á cualificación numérica entre 0 e 10, superior a 5.

2. Os estudantes que non seguiron ou non superaron a avaliación continúa teñan dereito a un exame final teórico-práctico (modalidade descrita no punto 5) non que se avalíen as competencias globais dá materia e co que poidan acadar o 100% da nota cos criterios descritos no punto 6.

C) Convocatoria Fin de Carreira:

Os estudantes farán un exame final teórico-práctico (modalidade escrita) no que se avalíen as competencias globais dá materia e co que poidan acadar o 100% da nota.

D)Datos do examen:

As datas de exames deberán ser consultadas na Páxina web da Facultade

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Martínez-Buján Pérez, Carlos, **Derecho Penal Económico y de la Empresa. Parte Especial**, 2016,

Martínez-Buján Pérez, Carlos, **Derecho Penal Económico y de la Empresa. Parte General.**, 5ª,

Código Penal,

AAVVV, **Memento práctico-penal económico y de la empresa**, Última edición,

Quintero Olivares, Gonzalo (Dir.), Morales Prats, Fermín (Coord.), **Comentarios al Código Penal Español. Tomo I y II**, 6.ª,

Conde-Pumpido Ferreiro, C. (Dir.)/ Díaz Martínez, P. (Coord.), **Código Penal comentado: con concordancias y jurisprudencia. Actualizado a la LO 5/2010, de 23 de junio de 2010**,

Recomendacións

Outros comentarios

Materia con contidos interesantes que pode ser comprendida polo estudante sen coñecementos previos de dereito penal pero si precisa traballo moito persoal pola súa parte para seguir os contidos e realizar as distintas actividades avaliadas
